

# ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

Roteiro literario pola vila de  
Corme con Diana Varela

COLABORA



**CONCELLO DE  
PONTECESO**

SUBVENCIONADA POR



**Deputación  
DA CORUÑA**

# ROTEIRO LITERARIO POLA VILA DE CORME

## CORME PORTO

*... Teño unha chalana pintada pola man do meu avó de branco e vermello; cando era cativa vogueina a carón de papá e de padriño. Lembro con estrañeza a lixeireza do remo, en aparencia pesado de máis para os meus brazos de nena. A min respondíame amorosamente, deslizábase entre as ondas como unha culler revirando o leite. As dúas temos o mesmo nome e cando me preguntan quen son, nunha íntima brincadeira ante tanta pedantería, eu só fico segura de chamarme como a nosa chalana; intúo que esa particular circunstancia garda a cerna remota da miña identidade. Os seus chicotes son o cordón umbilical que me mantén firme e unida á terra, á orixe, ós ancestros; algún día levárame de volta. Os solitarios, bebedores e vagabundos de Fin de Festa forman parte desa mesma identidade. Pero sucede que, desde que comecei este libro, a maior parte dos protagonistas “reais”, presentes na época da escrita, son xa pasado.*

Así comeza *FIN DE FESTA*, un libro importante para min e que, hoxe, xunto con algúns outros textos, vanme servir de guieiro para amosarlles o CORME da miña memoria e dos meus antepasados. Fago esta aclaración porque nestas páxinas tratarei de artellar un percorrido sentimental -non turístico- e, tamén, un roteiro literario na medida en que eu son escritora e esa é a miña ollada, a miña “maneira de vivir”, como dicía Rosendo na súa canción.

Así como respecto, valoro e admiro o traballo dos mariñeiros e das pescantinas, tamén reivindico o esforzo da literatura e da arte, agochada nas historias e nos recunchos do meu Corme natal. Raíces e mar que son o xermolo da miña fantasía e o alimento nutricio dos anos aquí vividos de infancia e adolescencia.

Todos os enigmas, todos os misterios, todos os soños, todas as historias, todas as épocas: TODO ESTÁ NOS LIBROS. Cada ollada, como esta de hoxe, é un plano fixo do filme que vai conformando a vida e, como un S.O.S. a un destinatario descoñecido, eu teño buscado a súa explicación na Literatura.

Porque TODO ESTÁ NOS LIBROS. Un mantra que meus pais me transmitiron sendo nena en Corme –posiblemente sen saber a pegada que ía ter en min–, pero que acabou sendo o compás que guía e orienta o meu camiño.

A miña primeira biblioteca, xunto á cal teño fotos desde bebé, témola na nosa casa de Corme. Unha proba de que, por sorte, eu nacín libre e a cultura fíxome amar esta cualidade por riba de todas as cousas. Nesa fotografía dos meus dous anos, estou apoiada nun andel metálico feito por meu pai –daquela mestre no colexio de Corme–, e entre as ducias de libros albíscase *Rayuela*. Escribo de memoria mais lembro ese título porque xa de cativa me asombraba o enorme que era esa obra de Cortázar. Supoño que se me semellaba a aquel outro de «*Petete*», un debuxo animado polo que tiña debilidade, iso que non souben ata hoxe mesmo, informándome para escribir estas liñas, que era un pingüín! Para dicir a verdade, nunca tiven nin a máis remota idea a que especie pertencía nin, polo que vexo, me importaba un pito ese detalle. A min o que me gustaba de *Petete* era o listo que era e, máis aínda, que todas esas cousas asombrosas que sabía as podía aprender lendo naquel libro *gordo* que levaba sempre consigo.

Os meus escritos son máis limitados, menos amplos nos temas e menos variados que os do pingüín da miña infancia e, por descontado, menos brillantes que a novela de Cortázar pero ambos títulos están estreitamente unidos a Corme. E vinculados tamén de maneira íntima e indisoluble a un posicionamento contra a brutalidade, a intolerancia, o dogmatismo, o machismo e a barbarie. Ou, para falar en positivo, direi que todo o que escribo é a favor da paz, da cultura e da beleza, a forma de expresión humana da que procuro rodearme.

Toma de postura máis necesaria que nunca nestas datas fatídicas nas que milleiros de nenas e mulleres ficaron atrapadas no escurantismo e na violencia, simplemente por ter tido a desgraza de nacer no afastado Afganistán. Eu tiven a sorte de nacer en Corme, rodeada do amor da miña familia, con amizades queridas e nun entorno de agarimo, de comprensión e de acceso á cultura. Tal vez por iso amo e protexo a liberdade –empezando pola miña propia– como muller independente e libre que son.

Porque o Macondo de Gabriel García Márquez, o Naemor de Xulio Valcárcel, a nao de Sinbad cunqueiriana ou o Fogar de Breogán de Pondal, non son lugares imaxinarios. Pobre de quen así o crea.

Son refuxios contra a incultura, son os fíos que a arte vai tecendo, como un paxariño, para protexernos da parte escura e da brutalidade da nosa especie.

O Xuvino que aparece en *FIN DE DESTA* e n' *A CONXURA* é un deses refuxios, a miña illa do tesouro: nela están as praias, o cabo, os rueiros polos que xogaba coas amigas, sempre na memoria e no corazón. E está tamén o **XARDÍN VELLO** de hai corenta anos que, tirando de min como un fío, me abriu as súas portas invisibles como tantas veces de pequena, cando meus irmáns ían aínda nos carriños de bebés. O Xardín Vello é outro dos lugares sinalados, escenario de xogos, anécdotas e vivencias.

Como un *flashback* no cine, lembro que eu matinaba se aquel xardín sería como o de *Alicia no país das marabillas*, con secretos agochados e personaxes máxicos que vivían entre as árbores e que, cando tiñan sede, ían beber a unha fonte de pedra de dous pisos, que a min me parecía tan fermosa como a das películas do romanticismo inglés. Teño vivo o recendo da pedra mollada, con verdín, e a sorpresa do seu tacto frío. Tamén recordo a estraña intuición de que comezaba a esfarelarse, converténdose en area cada vez que a tocaba. De feito, penso que nalgún intre nos prohibiron achegarnos a ela, deduzo que para non mancarnos, mais eu cavilaba que nos arredaban da fonte como dun serapestado. Cheiraba a podre, a auga choca, a finitude. Unha sensación que non debía ser nada equivocada porque acabaron retirándoa e substituíndoa por outra completamente diferente.

Alí, no Xardín Vello, xusto por ter sido un dos lugares referenciais da miña vida, presentei en agosto do ano 2021 a novela *A Conxura*, acompañada, grazas a “Corme Pinta,” polos murais que ennobrecen e fan máis fermoso aínda o Xardín e que representan as redeiras, as pescantinas, o peixe e os percebes que tanto deron de comer á nosa xente. Nestes murais están tamén os mariñeiros, que son auténticos soldados do mar, como o almirante Mourelle.

Traio a colación este recoñecido personaxe, pois preto deste xardín que nós chamamos «*Vello*» –seguramente porque foi o primeiro que houbo en Corme–, hai unha escultura que homenaxea un dos homes do mar máis sobranceiros da historia galega e universal. O cormelán Francisco Antonio Mourelle da Rúa. Dicimos cormelán aínda que para ser exactos, en moitas das súas biografías aparece como nacido na emblemática aldea de Gondomil, coñecida en tratados de historia e arqueoloxía pola súa *pedra da serpe*.

## 2

Comezarei este itinerario falando de Gondomil –pertencente a Corme-Aldea–, que atesoura unha das construcións castrexas máis destacadas de Galicia. Digo castrexa malia que nela aparece unha cruz, pois a cristianización deste tipo de ritos pagáns propiciou a lenda de que a **PEDRA DA SERPE** (denominada cruceiro) representa ao santo André, patrón de Corme Aldea, pisando fortemente o chan e acabando cunha serpe alada (tal vez unha praga de réptiles) que tiña atemorizados os antigos poboadores de Gondomil. Cómpre dicir que a serpe alada (que ben podería ser o dragón que adoita aparecer en lendas e historias doutras latitudes) era, na mitoloxía antiga, obxecto de adoración por mor das propiedades medicinais do seu veneno, de modo que a interpretación deste fito é, por forza, descoñecida. Etimoloxicamente, o nome Gondomil (semellante ao Guindimil de Lugo) ten a acepción de «famoso», polo que viría ser un lugar emblemático e coñecido desde antigo.

Como exemplo para documentar a importancia e universalidade da Pedra da Serpe, resulta acaído referirnos a un relato mapuche, recollido por Xulio López Valcárcel no seu libro *Lúa de xemas frías*.

Os mapuches son orixinarios dunha zona da Araucanía de gran tradición pesqueira, coma nós. Durante milleiros de anos practicouse a pesca da lamprea, considerada metade peixe, metade serpe. Dise que precisamente este feito está vinculado ás múltiples representacións de réptiles na historia do pobo mapuche. Algúns destes relatos son fantasiosos, outros máis realistas, pero en todo caso bastante semellantes ós que se teñen escrito sobre Gondomil.

Ao respecto do pobo mapuche cóntase que ten a súa orixe nos tempos do dioivo universal, chuvia pertinaz que segundo a Biblia destruíu a humanidade. A diferenza da relixión xudeo-cristiá (que culpa ó demo), os mapuches din que o dioivo foi causado por unha serpe monstruosa, ama do océano, chamada CaiCai. Fuxindo do ascenso das augas, os humanos colleron todo o que puideron levar con eles e rubiron ata unha montaña. Pero esa outra cima na que pensaban ficar protexidos pertencía a outra serpe, inimiga da primeira. Os que non lograron chegar ó alto do outeiro morreron afogados e os outros convertéronse en peixes de especies variadas que, máis tarde, fecundaron ás mulleres que ían pescar na marea baixa.

Un dos peixes que se pescaba na Araucanía, na conca hidrográfica do río Toltén, era a «lamprea de bolsa» ou «anguía branca». Tense relacionado a forma alongada da lamprea, o seu reptar ondulante polo terreo húmido, coa serpe do mito orixinario, que tamén sobe desde o mar. Convén advertir que este animal, un dos máis antigos que se coñecen, era moi abondoso en toda Galicia e mesmo os romanos o usaban como método de tortura: poñían ós reos, ben atados, en tanques ateigados de lampreas para que os fosen devorando. Método horrible para aplicar a pena capital que servía, ademais, de aviso e de condena exemplificadora. Quen sabe se a Pedra da Serpe non é, como a do pobo mapuche, unha lamprea!

Eu case me quedo coas palabras do meu admirado Cunqueiro, cando asegura que *«Galicia é un país de tesouros, escusados nos castros, asolagados nas lagoas, enterrados aquí ou acolá, e cáseque sempre ben gardados por mouros, ananos,*

*xigantes, fadas, cobras...*» E penso, por iso, se debaixo da pedra da serpe hai un tesouro sen descubrir.

Fago outro *flashback* e regreso ó Xardín Vello. Se cadra aínda fican enterrados os papeliños e as caixiñas con pequenos trebellos que eu mesma enterraba, confeccionando torpemente ese mapa do tesouro que estaba convencida había no noso parque. Alí pasábase moitas tardes meus irmáns e mais eu, case sempre coa nosa curmá Alina, agochando alfaias inventadas pola fantasía. Tamén nos faciamos promesas secretas de que ó cabo de non sei cantos anos volveríamos buscar o tesouro, misión imposible porque ó cabo de poucas horas xa esqueceramos aquela troula para argallar outra...

Volvendo á terra firme, ou máis ben sentando en calquera banco do Xardín Vello, non hai xente de Corme que non bote unha ollada ó *Petón das Gaivotas* para cerciorarse do cómodas, lustrosas e ben mantidas que están as *xefas* da nosa vila. E vemos tamén as inigualables praias da Arnela, do Osmo e da Hermida, onde pasábase longas horas no verán.

Por certo que, falando de areais, antes de chegar ó *Petón das Gaivotas* hai unha praia diminuta á que miña madriña me mandaba para encher un pequeno caldeiro con areón. Mesturado co millo, dáballo ás galiñas e as cunchas dos ovos saían máis duras e resistentes. Nunha ocasión, estando nesa econmenda, unha parella de ingleses –daquela chegaban a ducias en iates nos meses de verán– preguntoume para que quería ese caldeiriño de areón e, non sei se pola explicación no meu inglés macarrónico ou polo método de engorde das cunchas, botaron a rir descaradamente diante de min, que rin tamén. Caeume ben aquela parella, loiros e simpáticos interesándose polas galiñas ás que, por certo, eu lles tiña pánico malia contribuír á súa boa saúde apañando areón para elas. Mansas como eran, en canto me achegaba parecíame que se botaban a min con aquel bico torto e a ollada revirada. Pero a historia das pitas mellor contámola cando falemos do Río da Riba e da nosa casiña vella.

O que é innegable é que o pobo mapuche, como o cormelán, seguramente desde tempos inmemoriais é un pobo de navegantes, de mariñeiros, de pescadores, de xente do mar (non tomen como referencia o meu caso de *apañadora de areón*) e que en Corme ten a súa máxima representación en **FRANCISCO MOURELLE**. Ao falarmos deste emblemático navegante é imprescindible nomear á Asociación Cultural Viastela, creada, de feito, por María José Suárez e Suso Lista en homenaxe a este persoeiro fundamental na Historia Naval e que posiciona a Corme nun lugar destacado, como berce dun dos navegantes máis célebres de todos os tempos.

Mais neste roteiro simplemente daremos uns apuntamentos sobre Francisco Mourelle, poñendo o engado para que, algún día, como atinadamente pretende a Asociación Viastela, se publiquen os seus escritos e a súa biografía, posta en relación coa terra que o viu nacer. Nestas páxinas que hoxe nos ocupan, tan só diremos que mesmo hai unha illa no Canadá bautizada co seu nome, e que en pleno século XVIII chegou ata Alasca ao mando dunha embarcación con escasos medios, dirixida por este cormelán ilustre.

Como estamos a facer un roteiro literario, é interesante lembrar que Francisco Mourelle escribía uns diarios tan codiciados que acabaron por ser roubados polos ingleses, traducidos e publicados clandestinamente: asegúrase que o capitán James Cook os empregou nas súas viaxes e cartografías. Tendo en conta que Cook foi un dos navegantes máis afamados da historia universal, podemos albiscar a estima, a importancia, o respecto e credibilidade que tiña o almirante Mourelle para os seus contemporáneos. Oxalá algún día vexan a luz eses diarios! Quen sabe que misterios, quizais aínda descoñecidos, sexan descubertos grazas á destreza e ó coñecemento do cormelán.

Tal vez entre as súas maxistras cartografías se atope o mapa que nos levará ó tesouro agochado no seu Gondomil natal, protexido pola temible serpe, dragón... ou lamprea! Porque volvendo a Cunqueiro: «...*Os tesouros están separados entre si por nove leguas, e os árabigos aseguran que onde hai un tesouro hai sempre auga fresca*».



Poden faltar moitas cousas, pero auga en movemento en Corme, non falta. Que llo digan ás gaivotas no seu petón, vixiando todo.

#### 4

Seguindo coa historia literaria de Corme e xa que estamos falando de Gondomil, moi preto da suposta aldea natal do almirante Mourelle atópase a **ILLA DA ESTRELA**, onde se pensa que con toda probabilidade houbo un castro e unha ermita que lle dá nome á praia que está a carón. O escritor Suso Lista relaciona a nosa Illa co Camiño de Santiago, facendo unha analoxía entre un dos milagres atribuídos ó Apóstolo e á propia lenda sobre a Illa da Estrela:

Alguén paseaba por unha praia cando viu aproximarse unha barca a piques de fundirse. Cando pretendía acudirilles aos náufragos, de súpeto, unha onda xigante mergullouno no mar. Véndose perdido invocou a Deus e, nese instante, unha forza sobrenatural devolveuno á superficie arrastrándoo ata a beira. A salvo en terra, comprobou que a barca transportaba os restos do Apóstolo e que tanto el como o seu cabalo estaban cubertos de cunchas de vieira. A salvación daquel pescador considerouse un milagre do Apóstolo Santiago polo que, desde ese intre, vieira e Apóstolo quedaron unidos e a cuncha pasou a ser o símbolo dos peregrinos.

Pois ben, a lenda da Illa da Estrela (onde por certo sempre foron abondosos os moluscos) é incrivelmente semellante á que se vincula con Santiago, contándose que, no noso caso, foi a Virxe (non Deus) quen intercedeu para evitar o naufraxio. Supoño que nesta inclinación pola virxe milagrosa está a querenza dos nosos mariñeiros por ela, sendo como é a Virxe do Carme a súa patroa e protectora.

Non podemos falar de lendas cormelás, dese mundo de fantasía e personaxes medio reais, medio imaxinarios onde o mar sempre é protagonista, sen falar do cabo do **RONCUDO**. Todo o mundo sabe que alí se agochan –ata que as mans rexas das percebeiras e dos percebeiros de Corme os apañan–, os mellores percebeos do mundo. Pero o que non todo o mundo sabe son as historias de naufraxios e de batallas cun mar

tan bravo e tan fero como o noso. Famosas son as lendas sobre os *bichicomas*, un vocábulo que procede do inglés e que xunta as palabras *beach* e *come*, aludindo «ós que chegan á praia». Esta expresión fai referencia ós homes e mulleres que, despois de cada naufraxio se apresuraban a achegarse ós areais para recoller os restos, aveños e mercancía do barco naufragado.

Hai unha escena dunha antiga película de Alfred Hitchcock ubicada nas costas de Irlanda, na que se recolle exactamente o mesmo. O filme titúlase *A pousada maldita* e trata sobre os saqueadores de náufragos, a quen se informaba –coa conivencia das autoridades portuarias– de cando ían pasar os navíos para preparar o asalto. É dicir, unha sorte de piratas de terra que o inigualable director reflectiu sagazmente nesa película dos anos trinta. A familia de Hitchcock era de orixe irlandesa, polo que tería escoitado milleiros de veces esas historias.

Dise que os *bichicomas* facían confundir ós mariñeiros con luces atadas nos cornos das vacas para que as embarcacións embarrancasen contra as rochas e afundisen nas nosas costas, tan representativamente chamadas *da Morte*. As cruces do Roncudo dan boa conta dos centos de vidas que quedaron sepultadas na auga viva do noso mar e que, paseniño, foron fiando as historias, alimentando a imaxinación e a Literatura.

## 5

Foron eses FÍOS invisibles que van cosendo o destino, os que fixeron que, desde aquel libro de Cortázar, fosen caendo nas miñas mans ducias e ducias de historias, de contos, de relatos, que me alimentaban tanto como un manxar. Unha sensación que conservo intacta, como unha ilusión renovada en cada descubrimento, en cada libro que me atrapa. Quizás por iso e polo estímulo que tiven na casa e no colexio de Corme, sempre tendín a expresarme escribindo. Así, sendo unha nena, nun distante Día das Letras Galegas dos meus seis ou sete anos, o escritor Xosé Neira Vilas entregoume no Couto o meu primeiro *premio literario*. Fora por un contiño que mandara con toda a ilusión, encadernado nunha carpeta de cor amarela que o meu tío

Xesús tiña na casa para gardar os apuntes de dereito. Todos os mestres do colexio nos animaban a presentarnos, e facíamos actividades relacionadas con aquilo que para nós –ou cando menos para min– era un evento.

O interese do profesorado polas letras e por achegar ás nenas e ós nenos á cultura, vese asemade na revista que elaborabamos entre o alumnado de todos os cursos, con ocasión, por exemplo, do magosto ou das Letras Galegas. Cada vez que o lembro sinto que aquel *premio* de Neira Vilas foi un dos intres máis felices para min. Non por orgullo nin fachenda, senón porque coido que non equivoquei o meu camiño: non pode ser casualidade que xa daquela, sendo ben cativa, cando me mandaron escribir unhas liñas a modo de pequena colaboración para aquela revista da escola, narrara ó meu xeito un relato de Cunqueiro. Creo lembrar que era *O paraugas Xacinto* e van aló moitos anos e sigo co mesmo fascinio polo escritor de Mondoñedo!

Non trabuquei o rumbo e atrévome a asegurar que en parte ten sido grazas á brúxula que meus pais e os mestres do **colexio As Forcadas de Corme**, onde estudei, me descubriron: para enfrontarnos á tantas veces complexa tarefa de vivir, todas as estratexias están nas obras de Rosalía de Castro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, ou Eduardo Pondal. Para enfrontarnos ós brutos, a mellor ferramenta son os libros. Por isto volvo ó roteiro literario, ó Corme imaxinado, á miña particular homenaxe OS FÍOS QUE A ARTE VAI TECENDO, PÁXINA A PÁXINA NOS LIBROS.

Como adiantaba ó comezo, servireime fundamentalmente de *FIN DE FESTA*. Nas súas páxinas aparecen rúas e lugares de Corme, vistos desde o punto de vista máxico que dá a Literatura.

## 6

### 1.- O GAFOTE

Continúo o itinerario que me encargou a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega nun dos barrios de Corme máis senlleiros desde un punto de vista histórico e mesmo arquitectónico, pero tamén fundamental para min: O GAFOTE.

Ao tratarse dun paseo literario, intentarei analizar etimoloxicamente a palabra GAFOTE, co permiso do amigo e experto Fernando Cabeza Quiles, escritor bergantiñán que moito tería que dicir ó respecto.

Quizais moita xente non o teña pensado pero desde un punto de vista fonético a todos nos soará a GAFO, ou gafe, como tamén se adoita nomear a quen «porta a mala sorte». Trátase dunha denominación que pode ter diversos significados pero que, en calquera caso, fai referencia a un barrio que –polos motivos que sexan– ficaba apartado do resto de Corme. GAFOTE viría sendo un sitio de gafos, o cal nos pode levar a dúas conclusións: ou ben a que houbo nesta zona un antigo lazareto marítimo –frecuente nos pobos mariñeiros, onde se illaban as persoas que podían padecer unha enfermidade contaxiosa, a veces chegados de estadias marítimas en lugares onde se estendera algunha peste–, ou se trataba dun asentamento gremial relacionado co traballo da pedra ou a madeira. O que parece indicar é que, por un motivo ou polo outro, se trataba dun barrio con entidade propia, endogámico, unha particularidade que puidera ter orixes étnicas: tense sostido que a orixe da palabra «gafo» ou «gafe» procede de «godo», unha poboación, xunto coa sueva, moi presente na nosa historia. É dicir, que nesa localización tan emblemática de Corme, puido haber un asentamento gremial ou de persoas procedentes dunha mesma orixe, diferente á do resto do pobo.

En *FIN DE FESTA* aparece o Gafote varias veces, pero quizais a máis destacada sexa a que agora relato, extraída dun conto que lle sentín ducias de veces a miña madriña, pois nese rueiro viviron durante anos cando miña nai era cativa:

*Conta Esmeralda S. Chans, que sendo Susi Arnela aínda bebé, un día atopou a Constante arrolánda na cociña da súa parente.*

*Daquela non se fechaban as portas e a criatura, nun momento que Adelaida Souto saíu da casa, comezou a chorar desconsolada sen que ningún veciño ousara entrar, pero Constante si, e a bebeciña contenta naqueles brazos xigantes; Vivían el e o seu fillo nunha das casas máis antigas e esconchadas da vila, pretiño da xeitosa casa de Susi Arnela; pintada de verde e branco, coas xanelas sempre abertas de par en par, desde fóra podíanse ver as nasas e os*

*aparellos de Constante ciscados por todas partes, até na cama custodiaban a miúdo algún pendente de amañar....*

Os protagonistas deste parágrafo vivían xusto aquí, no GAFOTE, nun dos barrios máis antigos e recoñecibles de Corme-Porto. Non porque o diga eu, que son parte interesada –cando menos desde un punto de vista sentimental–, senón porque fica para documental, por sorte, un dos vestixios máis antigos do litoral: **A CASA DO ARCO**. Digo por sorte porque é autenticamente un milagre que se tivera librado da burbulla inmobiliaria que nos tolos anos 2000 levou á ruína xa non só a milleiros de persoas, senón a boa parte do patrimonio cultural da costa galega e española. É certo que a propia orografía de Corme impide a construción inmediata ó mar, pero non impediu a destrución da práctica totalidade das casiñas mariñeiras autóctonas. En Grecia, por exemplo –un fito turístico–, este tipo de construcións están protexidas polo Estado, non só para evitar o feísmo que luxa moitos dos nosos pobos e cidades, tamén para propiciar a chegada de viaxeiros e estimular a economía, empregando os recursos dos que xa dispoñen: a tradición cultural e arquitectónica.

Tamén en Galicia temos tradición arquitectónica. Así, a «Casa do Arco» de Corme é unha construción prototípica da arquitectura popular da xente do mar galega, e quizais porque foi abandonada e pola calidade dos materiais cos que eran construídas, resulta un dos escasos vestixios da forma orixinal da casa dunha familia mariñeira:

Agás as casas máis pobres (*terreas*) case todas as vivendas tiñan dous andares como esta nosa. O dabaixo estaba protexido por un soportal que servía de almacén para os apeiros do mar e para protexerse da chuvia e do vento, moitas veces cun arco de medio punto como o da Casa do Arco do Gafote. Até hai pouco aínda se podían ver eses apeiros nos soportais das casas, que eu lembro nidiamente nese barrio ó que acudía a diario porque vivía preto a Tía Manola, irmá de miña madriña e avoa de Alina, a curmá coa que meus irmáns mais eu pasábamos os días xogando.

Neste primeiro andar das casas adoitaba haber unha pequena cociña e un corredor, e na parte alta estaban os dormitorios. O material era case sempre pedra

granítica, e encalábase e pintábase coas propias pinturas das embarcacións, de aí o habitual colorido das casas mariñeiras.

Téñolle escoitado a miña madriña que ela mesma encalaba a súa casa, non só por motivos estéticos, tamén para limpar e hixienizar as paredes, que ficaban protexidas de fungos e humidades.

Estas vivendas, xunto coas pallozas do Cebreiro e dos Ancares, son unha das formas habitacionais máis antigas da península Ibérica, estritamente funcionais. Fermosas pola súa sinxeleza, a prioridade non era estética, o que non obsta para que estivesen perfectamente harmonizadas unhas coas outras, logrando dese xeito outro dos seus principais obxectivos: ademais de servir de refuxio e de almacén para as ferramentas de traballo, a harmonía da construción aumentaba a protección contra as inclemencias do clima Oceánico hiperhúmido que caracteriza a Costa da Morte. Por iso a importancia dos soportais, eliminados equivocadamente baixo pretexto de novos usos e modas que esquecen un dos factores fundamentais á hora de executar calquera construción: o clima.

Tamén os rueiros que se albiscan desde este barrio do Gafote, dan conta da perfecta planificación urbanística, por empregar termos actuais: os pequenos e estreitos rueiros transversais ás rúas principais, paralelas ó mar, protexían do feroz vento mareiro durante os duros invernos. De feito, en moitas ocasións os carreixos tiñan tan só a anchura das barcas, para traelas do mar a terra protexidos do temporal.

Un exemplo deses carreixos é o «da man peluda», coñecidísimo polos nenos de Corme que xogabamos ás agachadas nel, como ratiños nunha roda, e tamén o do Barrio Gross. Seguramente a súa orixe foi para que os mariñeiros acabados de desembarcar, liscasen do mar ata o pobo por un estreito camiño que servía de protección contra o vento e a chuvia.

## **2.- A RILOA**

*A Paxariña, O Gafote, A Riloa, A Atalaia, cada rueiro estremecía os recordos de todos os que a amaron, a felicidade dos xogos, o Carreixo da Man Peluda, o Barrio Gross, Debaixo da Capela...*

Collendo á man esquerda desde a Casa do Arco, imos camiñar agora cara o alto de Corme. No cruce de camiños, o da esquerda levaríanos á Atalaia ou o Caramanchón, e o da dereita ata a Riloa.

A miña querenza pola reflexión sobre a etimoloxía das palabras, levoume a encargarlle ó profesor de Ponteceso, Luis Giadás, que escribira un glosario con algúns dos termos que aparecen no libro, e que se atopa nas últimas páxinas de *FIN DE FESTA*. Entre algúns dos nomes recollidos están estes barrios que xa no seu mesmo nome levan implícitos os seus sinais característicos.

Por exemplo, explica Giadás que A Atalia fai referencia a «*observatorios de pesca e de posibles invasións marítimas*», adoito situados no alto das vilas mariñeiras.

Ó respecto da Riloa, apunta que, «*no seu redor, a Rúa dos Condes fai mención aos Moscoso, Condes de Altamira, señores de Mens, Laxe, Corcubión e Vimianzo, que tiñan propiedades, por exemplo, en Guxín e Gondomil.*» Pero non se pronuncia en canto á particular etimoloxía da palabra.

*Aínda podo sentir as súas voces, repenicaban como campás desde a cociña de Esmeralda S. Chans. Eran as parentes de Susi Arnela xogando á baralla, cada semana cas'dunha en alegre boureo sentadas á mesa. Tía Elvira da Atalaia, tía Elvira do Caramanchón, tía Manola... As Repenicás, corríanlles ás oito irmás...*

As protagonistas desta páxina viven para sempre neste mesmo barrio. Aínda que a casa orixinal a tivesen antigamente en Candelagho, unha das aldeas máis senlleiras de Corme. Non esquezamos que, como tanto ten analizado e dado a coñecer Suso Lista, no entorno do que hogano se configura como Corme, hai abondosas pegadas prehistóricas e restos de asentamentos humanos da cultura castrexa. Dende hai unha tempada corre o ruxe-ruxe de que unha parella de estranxeiros quere mercar a aldea enteira de Candelagho, seguramente para dedicala a turismo rural. Noutros pobos de Galicia xa ten acontecido de se mercaren por xente chegada desde afastados países, aldeas enteiras con esta mesma finalidade. E tal vez sexa a única maneira de que os nosos lugares máis ancestrais non rematen por desaparecer, quen sabe...

Mais, sen entrar en súbitas nostalxias, que significado poder ter, entón, A Riloa? Aceptando que non máis que conxecturas, pola nosa banda planteamos tres hipóteses: a primeira relacionada literalmente coa palabra rilo, cuxo étimo equivale a grilo, de xeito que podería tratarse dun terreo onde había moitos insectos. En segundo lugar, a forma máis habitual desta palabra é semellante pero non idéntica. Trátase da palabra Riola, existente noutras zonas, mesmo de fóra de Galicia, e que fai referencia a un conxunto de casas en fileira. En terceiro lugar e tal vez a hipótese que mais me convence, o topónimo Riloa puidera estar relacionado coa palabra río.

Porque moita xente, debido á forte, case tremenda presenza do mar en Corme, esquece a abundante auga doce que durante séculos deu de beber ó noso pobo:

*Cando marchaba a auga cumpría buscala no Pilón ou na Fonte da Agra, a de beber a Bostelo, sempre da man de Secundino Tusitala. Na praia do Osmo había asemade unha fontaña graciosa pero a auga sabía tanto ao mar...*

### **3.- A FONTE DA AGRA**

Como vemos, Corme ten unha gran cantidade de fontes e regatos, mesmo dous dos nosos barrios chámanse A Regadiña e A Fontiña que, como poden imaxinar, alude a un rego de auga, provinte dunha fonte que hoxe en día non está á vista, pero existe. De feito, nunha casa en ruínas deste último rueiro corre a auga por debaixo dos cementos, e a xente máis vella lembra a fonte da que agromaba, hoxe agochada entre as vivendas que se foron construíndo e a pavimentación das rúas.

Unhas das fontes máis emblemáticas de Corme é A Fonte da Agra, preto do barrio da Riloa, do que falabamos máis arriba. Como o seu propio nome indica, está a carón de boa parte das hortiñas que se conservan e, sendo nena, teño feito quenda moitas veces cando –cosa bastante habitual– marchaba a auga da traída.

Lembro que as nenas e os nenos, cando era o tempo, pasábamos tardes enteiras apañando os grois (como os cormeláns chamamos ás amoras) pola contorna da Fonte da Agra, onde os había gordos como amorodos. Como tantas outras palabras



*autóctonas* de Corme, o vocablo «*groi*» pode ter a súa orixe nun anglicismo: *groi* pronúnciase case igual á «*grain*» en inglés, gran.

En *FÍOS*, o primeiro libro de poemas que publiquei, aparecía xa unha referencia ós grois e á Fonte da Agra, un sitio recorrente na miña memoria. Pola contorna daquela fonte, ademais de andar enredando coa auga, pasaba horas apañando as amoras que logo merendábamos nas tardiñas do verán:

#### *GROIS*

*¿COMO se descubriría o sitio fondísimo  
no que tiña agochado aquel recordo?  
Vinte anos despois,  
voltoume á boca o gusto dos grois con azucre.  
A tarde apañándoos na Fonte da Agra,  
o grande desgusto ó perder as tesoiras  
e a risa sonora do ano seguinte  
ó volver a atopalas, enferruxadas.  
¡Cómo se delongaba a Atalaia  
deténdome en todas as silvas!  
se me espiñaba, comía un.  
Esquecida a hora de ir para a casa,  
abría a orquestra a primeira ventá  
e entraba a segunda e a terceira.  
Ó final, de par en par todas as ventás abertas,  
chamando as nais polos fillos  
nunha coral compasada de nomes,  
coa percusión axitada das nosas carreiras pola costa.  
¡Avalancha de moraaas!  
Logo, toda a cociña morada.  
Aletexa intacta a bolboreta no peito  
do galopar nervioso para a casa,  
cos grois brincando nas saquiñas.  
O eco reclamante das voces das nais,  
na caída da tarde.*

Cos primeiros xostregazos do outono, cando xa as amoras volvían ser silvas e os nenos retornáranos ó Colexio das Forcadas, comezaba a marchar a luz –con frecuencia tamén a auga–, e aínda que para a rapazada era un motivo de festa, causaba unha chea de trastornos. Aló tiñamos que prender as candeas axustadas nunha botella baleira, e a cera a secar no cartón que poñiamos para evitar que caese riba das mesas.

O máis malo era o frío que había nos cuartos das casas, case ningunha con calefacción. De modo que nos arroupaban ó estilo «*momia*», coas sabas e as mantas tan encaixadas debaixo do colchón que practicamente non nos podíamos mover en toda a noite. O frío e a humidade da roupa, nos armarios, que a veces mesmo deixaba nos labios un resaibo a salmoira.

Na casa de meus avós había unha lareira, pero por esa falacia de que a modernidade conleva arrasar co antigo (cando por moi antigo que sexa, nada supera o calor do lume), acabaron por inutilizala e desde aquela nunca máis tiveron a certeza de que, petando na porta de madriña ía ter o acubillo dos seus mimos e da leña a arder no húmido e ventoso inverno cormelán. Afástate do lume que che van saír frieiras! –díciame ela porque non daba marchado de alí, como unha gatiña acurrucada á calor.

#### **4.- PANADERÍA DE CARMUCHA**

O ulido do pan é outra proba irrefutable de que a modernidade non implica arrasar co antigo: ningún sabor, ningún recendo, ningún tacto, pode igualar ó do pan cocéndose, ó do pan recen feito, ó son do pan fresco cando se parte para comer.

Porque outra cousa non habería en Corme, pero pan, co seu recendo, co seu sabor, coas mans sabias das panadeiras que o amasaban, había o que se quixese. Hoxe case non queda rastro da actividade comercial que hai apenas corenta anos posibilitaba o traballo da xente autóctona, pero chega con botar contas das panaderías que houbo na vila para facernos unha idea non só dos oficios, tamén do índice de poboación do que se gozaba: o elevado número de panaderías era un claro indicador do número de habitantes que residían e traballaban en Corme.

De feito, a historia de Galicia (tanto ten se falamos de pobos mariñeiros, como do interior) é a historia do pan, o cal se explica pola vinculación dos muíños onde se moía o gran, coa auga, abondosa na nosa terra. Tal era a importancia económica dos muíños, dos celeiros para o almacenamento do cereal e mesmo da elaboración do pan, que o seu uso estaba regulado a nivel administrativo. Non podemos pois, neste capítulo dedicado ós oficios de Corme –quizais a un dos menos coñecidos–, deixar de mencionar os hórreos ou cabazos, fiando esta referencia a cando falamos da aldea de Candelagho: se queren coñecer as máis antigas construcións cormeláns para gardar o cereal e os froitos do campo, non deixen de visitar esta aldea abandonada que pronto, case con toda certeza, terá un aspecto ben distinto a causa do turismo.

Unha desas panadeiras que facía a maxia de transformar o gran en comida, era miña avoa Carmucha, nai de meu pai. Nacida en Leduzo –de onde lle vén o alcume da familia– casou con meu avó Antonio, cormelán de nacemento. E despois da panadería rexentou un ultramarinos.

Pero non só había tendas de comestibles na vila: modistas, costureiras, pasantías ata de piano!, de gaita, de baile, zapatería, mercería, tenda de roupa, ferraxería, carpintería, taller mecánico, dentista, perruquerías... Ó haber traballo, había xente que vivía e facía negocios en Corme...

En *FIN DE FESTA* fálase tamén –con nostalxia– deste aspecto da vida cormelán:  
*El sempre contaba historias de cando súa nai tiña unha tenda como aquela, do delicioso xénero que enchía os estantes. O viaxante deixáballe engulir todos cantos plátanos quixese con tal que fosen dos máis maduros; conforme estacionaba fronte á tenda aquel espectacular camión pintado de amarelo e de verde, ocupando boa parte da rúa, corría o neno encher o bandullo de bananas. Outra das laboriosas encomendas impostas era ir con seu pai mercar o bacallau e o xabón «Carbonell» a un almacén da Coruña, mais por aquela valiosa axuda agasallábano cun bolo de leite ben cargado de azucre ou cun bocadillo de luras encrepitante rebozo mercado no quiosco da praza de Ourense herculina. Súa nai seica era unha muller boa e traballadora mais faleceu nova deixando cinco fillos. Proviña dunha familia de panadeiros, o bisavó morreu atropelado por un autobús cando regresaba no cabalo coa fariña para facer o pan. No lugar do sinistro ergueron a Cruz de Pandereta, pois a el corríanlle Tío Pandereta.*

## 5.- A FONTE DO CAMPO

E dicíamos que a Historia de Galicia é a historia do pan pola vinculación da nosa terra coa auga, así que imos agora cara outro sitio referencial en Corme, como é A FONTE DO CAMPO, ou O PILÓN:

*Outra das fontes era a do Campo, ao comezo da Costa do Crego, tamén coñecida como O Pilón, o sitio de encontro para ir á Festa do Faro ou a San Fins, a calquera cita importante, o centro neurálxico. Alí prendíanse coidadosamente enroscadas como lucecús, as luces do Nadal...*

Fonte principal como principal é tamén a rúa, por onde se paseaba o domingo e se tomaba o aperitivo, e os noivos facían pública a súa relación. Proba da súa distinción é que nela había un cine, que despois foi sala de xogos e máis tarde tenda.

Desde O Pilón vemos a igrexa de Corme, por iso a rúa encostada onde está emprazada leva por nome «A costa do cura», tamén porque a carón da igrexa sitúase a casa onde ata hai ben pouco tempo vivían os cregos que a rexentaban.

E baixando a costa, a man dereita, atopámonos de novo co «Xardín Vello» do que falamos máis arriba. Agora cuns fermosos murais pintados por varios artistas galegos, algún do propio Corme, como Borxa Puñal e outros que viñeron para quedar, como Sol Rivas.

Eses muros que hoxe están fermosamente iluminados acollían antes unha fábrica de conservas, reflexo dunha prosperidade económica que xa non existe. Tal é así que, a principios do século XX funcionaban oito fábricas de conservas, unha cetaria de lagostas, mercantes, tarrafas e outras embarcacións menores. Corme era o primeiro porto de España de exportación de madeira, con preto de 3.000 habitantes nos anos vinte!

As imaxes que ilustran esas paredes agora derrubadas, representan algúns dos oficios que daban de comer ás nosas familias: mariñeiros, redeiras, pescantinas..., as chalanas e, debuxado coa forma dunha maragota –ou pinto! –, velaquí está o exquisito peixe que vive nas nosas costas:

## O COI

*MEU avó trezaba a primavera  
cuns cois de corda branca  
que penduraba de lado a lado  
da azotea.*

*Se iamos xantar á praia  
ou á festa do Faro en setembro,  
anoábaos a dúas árbores  
pola mañá moi cedo,  
para gardar o sitio.*

*Os cois anunciaban  
ir correndo á Ribeira  
buscarlle a cesta verde  
de xurelos, fanecas,  
señoritas, rubias laranxas  
e algún que outro rei.*

*As mans lixeiras de miña avoa  
brillaban na auga salsa  
entre aquelas cores,  
bulindo inquedas as escamas  
como estrelas polo chan,  
agochándose entre o pelo.*

*O coro facían as gaivotas  
co seu balbordo xarelo,  
agardando algún peixiño esquecido.*

*A min sempre me encargaban  
a misión de arredalas.*

*¡Que fermosas as mulleres  
limpando o peixe!*

*Nesas labouras non falan,  
cantan.*

*Eu mirábaos sentada no coi  
e de cando en cando,  
se levaba moito tempo calada,*

*viña meu avó a arrolarme.*

Por certo que a palabra COI, é posible que proceda da forma inglesa «CORD», como tantos outros vocablos que dan conta da convivencia en Corme con persoas doutras procedencias, seguramente mariñeiros que acabaron vivindo aquí... con moi bo criterio!

## **6.- O RÍO D'ARRIBA**

Como vimos dicindo ó longo deste percorrido por Corme, aínda que «os tempos son mudados», houbo unha época en que todos eses oficios dos que levamos falado, a rica e variada actividade comercial, propiciaba que a vila estivese repleta de xente.

A min abóndame lembrar o Colexio As Forcadas, onde no mesmo curso podía estar o alumnado repartido en dúas aulas, cada unha delas con máis de trinta rapaces!

Coido que é de xustiza ir poñéndolle remate a este roteiro onde toda cultura comeza: na escola. Así, os derradeiros pasos deste percorrido van dedicadas ó meu colexio de Corme, ós seus mestres e ás súas mestras:

*Avanzando un chisco desde o río, a seguinte parada antes de chegar á escola onde estudou, era no piñeiral, os rapaces gabeaban polos valados e as nenas pintaban a cara con mica, os labios cunha onza de chocolate, as unllas con cuspe, outra saborosa pipa de pina!, toma Susi, esta mica espelleante é para que fagas un colar, ofrecíalle o seu xovenciño noivo Afonso. As crianzas divertíanse confeccionando vasoiras de arume e amputándolle as alas aos abellóns que, inconscientes de ficar impedidos para voar, seguían fungando agónicamente ante a mirada dos pequenos verdugos. Outras veces, valéndose dunha agulla finísima atravesaban cun fío o abdome das por aquela época abundantes moscas, a onde irían parar, pasaralle o mesmo que ás coitadas abellas que disque andan de capa caída por culpa da contaminación?, até confeccionar uns globos macabros que voaban sós, espantando aos máis pequenos. A tripa da mosca! Aclaraba o de sempre....*

Fago mención de novo á Asociación Viastela, porque grazas ó seu empeño están a recuperar o fermoso traxecto do que eu falo en *FIN DE FESTA*, en particular o

Río D'Arriba, escenario de tantos xogos infantís. Moito antes, perante anos, foi un lavadoiro ao que acudían as mulleres lavar a roupa.

Eu fixen ese percorrido desde os catro ós catorce anos, dez anos, cada día, camiñando desde a antiga Rúa Nova ata as Forcadas, facendo parada –cando non chovía a caldeiros– no río D'arriba para pescar «*culleriñas*», como lle chamabamos ós cágados.

Aínda me teño desviado, sobre todo á volta da escola, indo polo carreiro que vai dar a onde agora está o Polideportivo, enchendo os pés de lama. Tentada estaba de seguir en liña recta e ir por outro carreiro máis afastado que dá á Fonte de Bostelo, pero ben advertida me tiñan na casa, e nunca o fixen. Chegaba ata onde hoxe está o centro de deportes e baixaba a carón do Cemiterio nunha boa carreiriña, non sen antes petarlle na porta a miña avoa vella:

#### *CANCIONCIÑA BRANCA*

*Contrariábanme as pingas  
perdidas que Teresa pousaba  
ata a cociña, máis me contrariaba  
que miña nai me obrigase  
a tomar aquela bravura.*

*Avoa vella era miúda  
coma un alfinete dondo,  
vestida de negro co pano á cabeza  
parecía unha flor sombreada,  
unha fada agochada do sol.*

*Cada mañá baixaba do Río D'arriba,  
veas púrpura nas meixelas;  
en cada aniversario unha caixa  
de galletas surtidas, coco,  
barquillo, chocolate, vainilla...*

*Cunha vasoira de palla varría  
o chan de pedra da casa,  
esqueceu fíos nun peite  
do periquete de trenzas  
que eu nunca lle vira.*

*O baixar do colexio  
enfiáballe unha agulla,  
ela bebía por unha ferrada  
o frío da agulla  
cun fío nos beizos.*

.....

*Avoa vella, fica esluída a oliveira,  
a roseira branca, pantasma de leite  
ó lado da casa do Río D'arriba.*

Como neste poema infantil de *AS TROVAS DE MIDAS*, hoganon non só as persoas que enchían Corme coas súas voces, coa súa vida; tamén os oficios; as casas perfectamente ergueitas, libres da couza; o boureo das nenas e dos nenos no Colexio As Forcadas de Corme... Case todo son pantasma.

Mais, como di Uxío Novoneyra: «*A forza do noso amor non pode ser inútil*» e tampouco a forza da palabra, a forza da cultura. Por iso aquí, neste cabazo da cultura, remato este roteiro, deixo a miña pequena semente NO COLEXIO AS FORCADAS e volvo facer a ruta da miña infancia, de camiño á escola.

Diana Varela Puñal